

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 4 de outubro de 2007 pola que se autoriza o Fondo Galego de Garantía Agraria como organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia.

O Decreto 155/2006, do 7 de setembro (DOG nº 181, do 19 de setembro) estableceu o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia, de conformidade co previsto nos regulamentos (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común, e 885/2006, da Comisión do 21 de xuño de 2006, polo que se establecen as disposicións de aplicación do anterior, en canto á autorización dos organismos pagadores e outros órganos e á liquidación das contas do Feaga e do Feader.

No dito decreto precísase que lle corresponden ao conselleiro do Medio Rural, como autoridade competente do organismo pagador, as facultades de autorizar e revogar a autorización do organismo pagador en Galicia e de designar o seu organismo de certificación.

Con data do 13 de outubro de 2006 emitiuse unha autorización provisoria, de acordo co informe previo da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e en aplicación do previsto no artigo 17.1º do Regulamento (CE) 885/2006.

Para os efectos do outorgamento da autorización definitiva, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, en cumprimento do previsto no artigo 4 do

Decreto 155/2006, do 7 de setembro, emitiu un novo informe previo de avaliación respecto do cumprimento polo organismo pagador dos criterios de autorización previstos no anexo I do Regulamento 885/2006, polo que cómpre, baseándose no dito informe, autorizar o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) como o organismo pagador en Galicia dos fondos europeos agrarios.

Xa que logo, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e no Decreto 155/2006, do 7 de setembro,

DISPÕÑO:

Artigo 1º.-Autorización do organismo pagador.

Consonte o disposto no artigo 1 e número 2º do artigo 4 do Decreto 155/2006, do 7 de setembro, autorízase o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) como o organismo pagador en Galicia dos gastos financiados polo Feaga e polo Feader, de conformidade co previsto no Regulamento (CE) 1290/2005, do Consello, e as súas disposicións de aplicación.

Artigo 2º.-Designación do organismo de certificación.

Conforme o sinalado no artigo 2 do Decreto 155/2006, désígnase a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia como o organismo de certificación das contas do organismo pagador autorizado no artigo anterior, coas funcións establecidas no Regulamento (CE) 1290/2005, do Consello, e as súas disposicións de aplicación.

Artigo 3º.-Comunicación á Comisión Europea.

En aplicación do disposto no artigo 4, número 3º, do Decreto 155/2006, o director do Fogga comunicaralle ao Feaga, para a súa transmisión á Comisión Europea, a autorización do organismo pagador de Galicia e a designación do seu organismo de certificación.

Disposicións derogatoria

Á entrada en vigor desta orde queda derogada a Orde do 13 de outubro de 2006 pola que se autoriza provisionamente ao Fogga como organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director do Fogga para ditar as instrucións precisas para a execución do disposto na presente orde.

Segunda.- Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2007.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural